

Bases que rexerán o XII Certame Galego de Bandas de Música

A convocatoria deste certame ten a finalidade de fomentar e estimular a actividade musical, como parte fundamental do noso patrimonio cultural, así como de achegarlle á cidadanía unha rica programación de actividades musicais.

Neste marco, a Federación Galega de Bandas de Música Populares (FGBMP) establece as bases polas que se rexerá o XII Certame Galego de Bandas de Música.

1. Lugar e datas

O XII Certame Galego de Bandas de Música terá lugar os días 3 e 4 de novembro de 2018 na sala Ánxel Brage do Auditorio de Galicia en Santiago de Compostela.

2. Comité organizador

Formarase un Comité Organizador que será o órgano de goberno, administración e coordinación de todos os aspectos do certame e estará formado por membros da directiva da Federación Galega de Bandas de Música Populares de Galicia.

Poderá estar asistido por unha unidade de asesores técnicos coa finalidade de colaborar no bo funcionamento e organización do certame.

3. Participación xeral

Poderán participar todas as bandas de música federadas de Galicia, así como as seccións infantís e xuvenís das mesmas.

1. Establécense cinco seccións. O número máximo de bandas participantes será de cinco nas seccións primeira, segunda e terceira e de catro nas seccións xuvenil e infantil.
2. Para que unha sección poida ser constituída será necesaria a concorrencia á mesma dun mínimo de dúas bandas. No caso de que só haxa unha banda inscrita nunha sección, a Organización poderá instar a esta banda a participar na sección anterior ou posterior, sempre que cumpra as condicións recollidas nestas bases en relación ao número e idade dos compoñentes.
3. Por razóns de interese público que impliquen un maior éxito do Certame, a Organización poderá valorar a posibilidade de abrir un novo prazo de inscrición a agrupacións do resto do estado e mesmo do exterior, converténdose esa sección en nacional ou internacional, no seu caso.

4. O número mínimo e máximo de músicos de cada banda participante será, para cada unha das seccións, o seguinte:
 - Sección primeira: bandas con máis de 70 músicos.
 - Sección segunda: bandas de entre 51 e 70 músicos.
 - Seccións xuvenil e terceira: bandas de ata 50 músicos.
 - Sección infantil: bandas con máis de 25 músicos.
5. O número de músicos en cada sección fai referencia ao total de compoñentes de banda, incluídos posibles reforzos e sen contar ao director/a.
6. Nesta clasificación de seccións inclúese a posible colaboración en cada banda de música de cinco instrumentistas alleos para cada sección.
7. Ningún músico estará autorizado para actuar en dúas bandas de música inscritas na mesma sección.

4. Participación de seccións infantís e xuvenís

1. Establécense as seguintes idades máximas na data de actuación:
 - a. Banda infantil: 14 anos (non poderán ter cumpridos os 15).
 - b. Banda xuvenil: 19 anos (non poderán ter cumpridos os 20).
2. A inscrición das agrupacións infantís ou xuvenís farase na sección de trámites da banda da web da Federación.
3. O censo será compartido entre todas as seccións dentro dunha mesma banda.
4. As participantes poderán contar coa colaboración de cinco músicos alleos:
 - a. Se é doutra agrupación rexerase polo límite de idade da sección.
 - b. Se é da propia agrupación poderá superar o límite de idade en 3 anos, é dicir:
 - i. Banda infantil: non poderá ter cumpridos os 18 anos.
 - ii. Banda xuvenil: non poderá ter cumpridos os 23 anos.

5. Inscricións

1. O prazo de inscrición estenderase dende o **2 de abril** ata o **20 de abril** de 2018.

2. As solicitudes realizaranse no apartado Trámites¹ da web da Federación.
3. O feito de participar neste certame leva consigo a cesión de todos os dereitos de reprodución, comunicación pública e distribución, así como o dereito de imaxe e utilización do nome. Acéptase tamén que as intervencións se graven en audio ou vídeo se transmitan en directo ou diferido e se editen discográfica ou videograficamente.

6. Selección das participantes

1. Rematado o prazo de inscrición, realizarase un sorteo público para establecer as bandas seleccionadas, así como o orde da súa actuación.
2. O sorteo realizarase o día **21 de abril ás 12:00 horas** na sede da federación, salvo que se notifique o contrario. En dito sorteo escolleranse dúas bandas que quedarán en reserva para cada sección e que terán praza garantida na mesma sección na que se inscriben na seguinte edición.
3. As bandas seleccionadas comprométense a realizar un concerto previo ao certame. Este deberá realizarse antes do 31 de agosto de 2018 e levará a publicidade das institucións e entidades colaboradoras segundo as indicacións facilitadas pola Federación.
4. Se algunha das bandas finalmente designadas para intervir no Certame non o fixese, quedará inhabilitada para intervir no Certame durante dous anos consecutivos, sen prexuízo da indemnización polos danos derivados, que se estiman na contía mínima de 3000 €, salvo concorrencia de forza maior.

7. Documentación a presentar

1. As bandas seleccionadas entregarán, vía correo electrónico (certame@bandas.gal), a partitura xeral da obra de libre elección.
2. Antes do día 15 de outubro, as bandas comunicarán por correo electrónico:
 - a. Listado de músicos de reforzo, indicando no mesmo nome completo, data de nacemento e DNI. Estes datos poderán ser modificados ata antes do inicio da actuación de cada formación sempre que se realice solicitude á Federación vía correo electrónico e se reciba resposta confirmando o cambio.
 - b. Movements que realizarán no escenario e calquera outra indicación a ter en conta para a gravación das actuacións, así como un plano da colocación dos instrumentistas.

¹ Ver web: <http://www.bandas.gal/tramites/>

3. A non presentación da documentación no prazo sinalado poderá significar a renuncia da banda de música a participar no Certame, coa correspondente sanción establecida na base sexta.

8. Desenvolvemento do concurso

1. As bandas de música presentaranse no lugar da actuación, coa antelación suficiente, conforme os horarios que fixe o Comité Organizador. A banda de música que no momento da súa actuación non estea presente no lugar no que se desenvolva o certame quedará eliminada automaticamente.
2. Previo ao concurso interpretarase un pasodobre galego de presentación que non poderá exceder en ningún caso de 5 minutos.
3. Xa en concurso, as bandas participantes interpretarán unha obra obrigada², que será a indicada para a súa categoría:
 - a. Sección primeira: *Suite Istoria*, de Gerardo Israel Quintas Alonso
 - b. Sección segunda: *Lendas do Monte Pindo*, de Christian Overhead
 - c. Sección terceira: *A cova sumerxida*, de Carmen Rodríguez Rodríguez
 - d. Sección xuvenil: *As dúas en punto (A hora de rebeldía)*, de Lois Pimentel Iglesias
 - e. Sección infantil: *Alborada Galega*, de Pascual Veiga (instr. J. L. Represas)
4. A continuación, cada banda interpretará a obra de libre elección escollida, que en ningún caso se poderá tratar dunha obra para solista(s) e banda. A duración destas pezas e os tempos totais de desviación permitidos serán:
 - a. Sección primeira: 20 ± 5 minutos.
 - b. Sección segunda: 15 ± 4 minutos.
 - c. Seccións xuvenil e terceira: 10 ± 3 minutos.
 - d. Sección infantil: non haberá obra de libre elección.
5. As bandas deberán cumprir a relación instrumental das obras a interpretar en concurso, completando as voces nos instrumentos concretos para os que fosen escritas, coa excepción dos defectos sinalados polo compositor na partitura. O xurado poderá penalizar as bandas que incumpran dita instrumentación.
6. O xurado penalizará con 1 punto por cada minuto que exceda o tempo límite establecido.

² Pódense consultar en: [Consulta aquí as obras obrigadas](#)

7. En caso de repetición dalgunha peza (pasodobre ou obra libre) nunha sección, terá preferencia a primeira banda inscrita, polo que as demais formacións deberán modificar a elección do seu programa.
8. O escenario e as instalacións sobre as que se desenvolva o certame serán os mesmos para todas as bandas de música participantes nunha mesma sección. Dita instalación será competencia exclusiva do Comité Organizador e non se poderán introducir modificacións.
9. A Organización non se fai responsable das xestións legais que lles poidan afectar ás bandas de música polo uso das partituras das obras de libre elección e pasodobre.
10. O Comité Organizador tomará as medidas oportunas para asegurar o correcto desenvolvemento do certame. No caso de que algunha proba teña que ser aprazada ou interrompida por causa xustificada, o comité arbitrará as medidas oportunas para o seu posterior desenlace.

9. Xurado

1. As actuacións musicais serán valoradas por un xurado integrado por tres personalidades de recoñecido prestixio no mundo da música e un secretario/a con voz pero sen voto.
2. Cada membro con dereito a voto poderá concederlle de 0 a 10 puntos a cada banda participante en cada un dos seguintes aspectos:
 - a. Afinación
 - b. Planos sonoros
 - c. Ensamblaxe
 - d. Calidade sonora
 - e. Técnica
 - f. Dinámicas
 - g. Articulación
 - h. Musicalidade
 - i. Interpretación xeral da obra
3. A puntuación final virá dada pola suma dos puntos acadados na interpretación das dúas obras, restándolle os puntos das penalizacións establecidas nas presentes bases e nas normas anexas ás mesmas.
4. A decisión do xurado darase a coñecer mediante unha acta que pasará a coñecemento do Comité Organizador para a súa difusión pública.

5. A decisión do xurado será definitiva e inapelable, podendo declararse deserto un ou máis premios facéndose constar na acta, se ao seu xuízo a calidade das interpretacións non acada unha puntuación suficiente para ser merecedora de premio.

10. Premios

1. De acordo co criterio do xurado, concederanse os seguintes premios:

	Primeiro premio	Segundo premio	Terceiro premio
Sección primeira	4000 €	2000 €	1500 €
Sección segunda	3000 €	1500 €	1125 €
Sección terceira	2000 €	1250 €	1000 €
Sección xuvenil	1500 €	1000 €	800 €
Sección infantil	1250 €	850 €	700 €

2. Establécese para cada sección un premio á interpretación dunha obra de autoría ou temática galega que segundo o criterio do xurado mereza tal recoñecemento. Este premio estará dotado con:
- Sección primeira: 1500 euros
 - Sección segunda: 1250 euros
 - Sección terceira: 1000 euros
 - Sección xuvenil: 750 euros.

11. Achegas ás bandas

As bandas de música terán dereito a percibir, en concepto de participación, as seguintes cantidades:

- Sección primeira: 2500 euros.
- Sección segunda: 2000 euros.
- Sección terceira: 1500 euros.
- Sección xuvenil: 1250 euros.
- Sección infantil: 1000 euros.

12. Control do censo

Para o control dos membros das bandas de música establécense os seguintes puntos:

1. Cada banda de música deberá comparecer cos seus propios músicos, sen reforzarse ou completarse con intérpretes doutras agrupacións musicais, salvo os alleos expresamente permitidos nestas bases.
2. Para acreditar a pertenza a unha banda o músico deberá presentar un documento legal acreditativo válido, preferiblemente DNI.
3. Todas as bandas terán de prazo ata 30 días naturais antes da súa participación para a tramitación de altas e baixas, así como de achegar a información requirida nos casos de cambio de banda.
4. Constituirase unha Comisión de Control, que será a entidade competente para supervisar a composición das agrupacións participantes. Esta comisión poderá adoptar cantas medidas sexan oportunas para realizar a tarefa de supervisión e control e requirir a documentación que estime necesaria, utilizando así mesmo calquera dato dos listados das agrupacións que posúe a FGBMP.

13. Aceptación das bases

1. A inscrición no certame implica a completa aceptación das súas bases.
2. O Comité Organizador aprobará as normas de funcionamento³ que serán de obrigado cumprimento e que se incluírán como anexo a estas bases. O non cumprimento das mesmas, dará lugar ás penalizacións establecidas nelas.
3. A organización resérvase o dereito a modificar as bases ou adoptar as decisións sobre aspectos non regulamentados nas mesmas, por razóns de forza maior ou de interese público que impliquen un maior éxito do Certame.
4. As decisións tomadas polo Comité Organizador na execución e desenvolvemento das presentes bases e todas aquelas cuestións non previstas resolveranse, en cada caso, de maneira irrevogable polo propio comité.

³ Normativa do XII Certame: [Normativa](#)